

Anexo 1

Censo de espacios verdes

## **OS ESPAZOS VERDES PÚBLICOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

---

### **1. LISTADO DE ESPAZOS VERDES SEGUNDO A REVISIÓN DO PLAN XERAL**

- PARQUES URBANOS
- PARQUES RECREATIVOS
- PARQUES PERIURBANOS
- OUTROS ESPAZOS A CONSIDERAR NON INTEGRADOS NO SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES

### **2. PRESCRIPCIÓNS XERAIS DO PLANEAMENTO MUNICIPAL SOBRE OS SISTEMAS DE ESPAZOS LIBRES**

- A REVISIÓN DO PXOM
- O PE DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA

### **3. ESPAZOS VERDES: ORGANIZACIÓN EN CONCAS E SUBCONCAS**

- RÍO SAR
- RÍO SARELA

**1. LISTADO DE ESPAZOS VERDES DE SISTEMA XERAL SEGUNDO A REVISIÓN DO PLAN XERAL**

## **PARQUES URBANOS**

---

- 1.1 EXISTENTES**
  - 1.1.1 PARQUE DE SANTA SUSANA (PU1)
  - 1.1.2 CAMPUS UNIVERSITARIO (PU2, PU7, PU13, EU2/EU4)
  - 1.1.3 PARQUE DE SANTO DOMINGO DE BONAVAL (PU3)
  - 1.1.4 PARQUE DE FONTIÑAS (DE CARLOMAGNO) (PU4)
  - 1.1.5 PARQUE DE BELVÍS (PU5)
  - 1.1.6 PARQUE DE VITE (PU6)
  - 1.1.7 PARQUE DO SAR. EUGENIO GRANELL (PU9)
  - 1.1.8 PARQUE EN MONTE DE CONXO (PU10)
  - 1.1.9 PARQUE DO MONTE PÍO (PU 14.1)
  - 1.1.10 SALGUEIRIÑOS (ZV1, ZL3)
  - 1.1.11 PARQUE DAS CANCELAS (ZV3)
  - 1.1.12 PARQUE DA ALMÁCIGA (ZV5)
  - 1.1.13 GALERAS (ZD-1, ZV4)
  
- 1.2 PREVISTOS**
  - 1.2.1 BRAÑAS DE SAR (PU 8, PU11, PU 19)
  - 1.2.2 PARQUE LINEAL VOLTA DO CASTRO (PU12)
  - 1.2.3 PARQUE DO SARELA (PU 14.2, PU 14.3)
  - 1.2.4 SISTEMA VERDE NO ENTORNO DO REGO DO PORTO DO MEDIO (PU 15, PU 16, PU 17)
  - 1.2.5 PARQUE LINEAL REGUEIRA DA FONTENLA (PU18)
  - 1.2.6 PARQUE DAS HORTAS (PU20)
  - 1.2.7 PARQUE DO CAMIÑO FRANCÉS (PU21)
  - 1.2.8 PARQUE DO CASTRO DE CONXO (PU22)
  - 1.2.9 MIRADOR DE MEIXONFRÍO (ZV2)
  - 1.2.10 PARQUE TRAS A IGREXA (ZV6)
  - 1.2.11 PARQUE CEMITERIO. BOISACA (ZVC1)

## 1.1.1 PARQUE DE SANTA SUSANA. PU 1

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Nace no 1546, cando os Condes de Altamira ceden os terreos para o seu uso público.

Coa construción en 1717 da Capilla do Pilar, ordénase a carballeira do Campo de Santa Susana, (tamén coñecido como Campo do Ferial ou Mercado Novo). A imaxe máis antiga que existe deste espazo extramuros antes da súa racionalización dezaoitesca, é o debuxo de Pier María Baldi, publicado na viaxe de Cosme de Medicis por España e Portugal.



Vista panorámica da cidade desde a Alameda. Ramón Gil Rey, 1832

En 1753, xa era un paseo “...poblado de robles en dos filas a cordel y asientos de cantería en que pueden acomodarse más de cien personas”

No 1827 decídese a construción dun “paseo público” . O primeiro proxecto é realizado no 1831 por Blas Galiano. Nel indícanse as trazas básicas do que será a Alameda e o Paseo da Ferradura.

No 1835 xa se efectuaron o plantel de árbores na Alameda, proxectándose o peche con verxas e a portada ornamental dos leóns. O espazo ordenábase en *salóns* regulares e paralelos, separados por ringleiras de árbores, que reciben nomes buscando un acento cosmopolita: “Salón Central”, “Paseo de París”, “Paseo de Madrid”.

No 1873 abórdase a reforma do parque co obxecto de unir os dous paseos separados de que dispón Alameda e Ferradura.

Entre o 1893 e 1898 lévase a cabo a ampliación dos xardíns enfrontados ó Colexio de San Clemente, con motivo da colocación do monumento a Ventura Figueroa.

No 1896 reelabórase o proxecto do kiosco da música, decidindo definitivamente o seu emprazamento nos xardíns en talud.

Entre o 1895 e o 1906 constrúese a escalinata de acceso á igrexa de Santa Susana, dende o Paseo de Bóveda, unha vez exhumados os restos do antigo cemiterio.

No 1887 propónse a construción dun paseo lateral por riba da muralla da rúa do Pombal e no 1893 constrúense as dúas rampas de acceso ó Paseo da Ferradura dende esta rúa, ó tempo que se acorda derrubar o muro de peche do parque e resolver o encontro con esta rúa en talud.

No 1908, con motivo da *Exposición Rexional Galega* que se celebrará ó ano seguinte, acondiciónanse os terreos lindeiros ó Paseo da Ferradura. Inda que non se mantiveron as edificacións que foran construídas para a ocasión, quedou a estrutura organizativa dos xardíns.

No mesmo ano constrúese, a cargo da Sociedad de Recreo Artístico e Industrial, o Palacete no Paseo da Ferradura, hoxe gardería de Santa Susana.

Nos anos 30 do século XX constrúense as rampas escalonadas e a fonte central (segundo proxecto de José M. Banet), que comunican os paseos da Alameda e Ferradura, substituíndo a rampla que se realizara no 1894.

No 1929 proxéctase o primeiro trazado da Residencia de Estudiantes, que habería de modificarse posteriormente co proxecto definitivo de Jenaro de la Fuente, contemplando a execución das escaleiras de acceso á Ferradura que posteriormente serían reformadas a finais dos anos 40.

No ano 2007 redáctase o Plan de Intervención Vegetal de la Alameda. 2007, pola arquitecta Amparo Casares Quiroga.

O parque de Santa Susana está integrado por:

- Xardíns do Campo da Estrela (A Alameda, propiamente dita)

Correspóndese cos xardíns de entrada dende Porta Faxeira, que se estenden ata a Igrexa do Pilar.

- A Ferradura:

Paseo perimetral , que rodea a Carballeira de Santa Susana, e comunica os dous extremos da Alameda. Así a todo, cada tramo ten nomes específicos.

Paseo dos Leóns: o constitúe o acceso Norte, que serve de balcón sobre a fachada occidental do conxunto histórico. Recibe o seu nome polos dous leóns que flanquean o acceso ó mesmo.

Paseo de Bóveda: é o paseo máis interior, que rodea á carballeira.

Paseo da Ferradura: é o paseo máis externo, que linda co Campus Universitario.

Paseo das Letras Galegas: Paseo intermedio entre os dous anteriores.


- Carballeira de Santa Susana

## 2. MARCO NORMATIVO

PE-1 PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 24.03.1997

Dispón de ficha individualizada no Catálogo de *jardines y elementos naturales del espacio público*, do PE.(Parque de Santa Susana y Alameda).

Élle de aplicación o artigo 173. *Ordenanza de espacios libres y zonas verdes públicas*



Calificación segundo o PE-1

## 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral: PU-1

Sup actual: 79.962 m<sup>2</sup>. A revisión do plan plantexa a expropiación de 2.211m<sup>2</sup>.

Sup.prevista: 82.173m<sup>2</sup>

## COMENTARIOS



Forma parte do listado de **xardíns históricos** do Concello de Santiago.

Superficie, según datos municipais: 85.000 m<sup>2</sup>. Nembargantes, no anuario estatístico do Concello para o 2008, figura unha redución de superficie dos anos 2006 ó 2007, pasando de 85.000 a 56.648m<sup>2</sup>, quizais por algún tipo de cesión.



PARQUE DE SANTA SUSANA. PU 1






-  ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
-  ESP. VERDES RECEPTORES
-  ESP. VERDES EMISORES
-  CONCA DE DESAUGUE
-  CONCA DE VERQUIDO
-  PARTEAUGAS

**PU 1. PARQUE DE SANTA SUSANA**

- ESPAZOS RECEPTORES**
- PU 2 Zonas Verdes Residencia (Campus)
  - V1. Carballoira S.Lourenzo
  - V2. Zona Verde S.Lourenzo. Campus
  - V3. Zona Verde F.Farmacia. Campus
  - PU 7. Parque Monta da Condasa. Campus
  - EU 2/ EU 4. Zonas Verdes e Libres Universitarias
  - ZL 28. Carreira do Conde
  - V SUP 2.
  - PU 9. Parque do Sar. Eugenio Granell
  - ZV 4. Zona Verde Galerías (ZD-1)
  - V37. Zona Verde Galerías (ZD-1)
  - ZL 102. Zona libre paseo fluvial Carne de Abaixo

**PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS.  
PARQUES URBANOS. 1.1.1. SANTA SUSANA (PU 1)**





## 1.1.2 CAMPUS UNIVERSITARIO. PU 2, PU 7, PU 13, EU 2/ EU 4

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Inicialmente concebido como residencia universitaria, coas súas dotacións de áreas de recreo e zonas de práctica deportiva. Segue o esquema inglés de *colleges e sport*.

O primeiro proxecto fora realizado por Constantino Candeira, sendo remodelado polo arquitecto municipal Jenaro de la Fuente, e aprobado polo Concello no 1929.

Na década dos 40 do século XX construíronse os 3 colexios maiores, así como o Observatorio Astronómico e as primeiras obras de urbanización e axardinamento.

A ampliación de titulacións e o aumento do número de estudantes demandarían unha ampliación do campus, que se extendería polas zonas do Monte da Condesa, ata o río Sarela e cara ó sur, chegando case ata os límites da antiga estrada de Noia.

### 2. MARCO NORMATIVO

*Planeamento adscrito:*

P.E. CAMPUS UNIVERSITARIO PE-8 30/03/1993

DOC.REFUNDIDO 22.11.2001

M.P DO P.E-8 25.03.2004

Na actualidade está sendo sometido a aprobación inicial unha nova revisión do PE-8

O campus contéplase coma o remate da cidade polo seu borde sur, ata as marxes do río Sarela

O plan especial establece dúas novas zonas para o uso deportivo, como se recolle no Plan Xeral, unha no entorno da Ponte Santo Domingo, e outra no entorno do bosque de San Lourenzo.

*En lo que se refiere a las zonas verdes y espacios libres, el Plan Especial establece tres categorías de intervención, una primera de acompañamiento a la nueva edificación de uso más intensivo, ligada tanto al desarrollo propuesto sobre la carretera de Noia como al emplazamiento de los nuevos institutos de investigación. Una segunda de recuperación paisajística y de uso más extensivo en el borde del Monte de la Condesa sobre la carretera de San Lourenzo, con la previsión de un mirador paisajístico de singular importancia en sus perspectivas y complementario del planteado en el Monte de la Condesa y, por último, el propio Jardín Botánico, prolongado en su función de acompañamiento del río Sarela, con una propuesta en Ponte Santo Domingo, con un carácter netamente temático y específico. El conjunto de estas intervenciones arrojan una superficie destinada a espacios libres y zonas verdes de 160.000 m<sup>2</sup>.<sup>1</sup>*

**Ordenanzas Particulares a contemplar:**

#### 3.2.3 Espacios libres y zonas verdes públicas.

*Uso exclusivo el de espacio libre, parques y jardines públicos.*

*Se permite instalaciones deportivas descubiertas sin que su ocupación exceda del 10% de la superficie en las zonas V-2, PU-7, ZV-8 y ZV-10.*

*Se prevé la posibilidad de implantación de aparcamientos subterráneos públicos en condiciones que no perjudiquen el uso público en superficie ni el dominio público del suelo en la zona ZV-6.*

*Se prohíben los restantes usos no especificados.*

(...)

#### 3.2.4 Jardín Botánico. JB

*Se establece como uso exclusivo el de parque público con la regulación de su uso que deviene del carácter de Jardín Botánico.*

*En los edificios existentes y permitidos se autorizan los usos docente-investigación, sociocultural, administración del Jardín y almacén.*

*Además de los edificios existentes y propuestos en planos de ordenación, se permiten edificaciones complementarias hasta alcanzar una ocupación máxima del 2% de la superficie total de jardín.*

*Estas edificaciones tendrán una altura máxima de 7,5m, medidos en cualquier punto de sus paramentos verticales de cierre. El número máximo de plantas será de dos, bajo y piso.*

*Igualmente se toleran, sin consumo de edificabilidad, instalaciones ligeras tales como invernaderos, pabellones de cristal o cobertizos abiertos, siempre que su disposición, forma y volumen no supongan una alteración de las condiciones naturales y de las visuales que caracterizan el ámbito de aplicación de esta ordenanza.*

*Para su desarrollo se redactará un proyecto de preacondicionamiento referido a la totalidad del ámbito que habrá de definir cuando menos el sistema viario interno, miradores, tratamiento de cauce y bordes del río Sarela y canales, redes de servicios –necesariamente subterráneos-, posición de la nueva edificación con acondicionamiento de su entorno, banqueamientos y movimientos de tierras para plantaciones y cerramiento. Este proyecto podrá desarrollarse en varias fases o etapas.*

*El desarrollo de los programas temáticos de plantaciones con las actuaciones de amueblamiento o acondicionamiento particularizado, se podrá producir mediante proyectos específicos que afecten a partes del jardín. Estos proyectos ultimarán el nivel de servicios en su ámbito.*

*El proyecto de acondicionamiento del Jardín Botánico abordará, además de la ejecución de las obras referidas a su ámbito, el acondicionamiento del camino de Ponte de Santo Domingo y del camino de acceso al área norte de recepción del Jardín Botánico desde la carretera de S. Lourenzo, en las condiciones establecidas en el Plan Especial y siguiendo las determinaciones contenidas en el apartado 3.3.6 de esta Normativa.(Condiciones de la Urbanización)*

(...)

#### 3.4.3 Regulación de la protección del arbolado singular

*El Plan Especial cataloga elementos singulares, formaciones y masas arbóreas que han de ser objeto de singular protección.*

*Dichos elementos habrán de ser conservados y protegidos, prohibiéndose su tala o cualquier acción que ponga en peligro su supervivencia.*

<sup>1</sup> Da memoria de ordenación, apdo 2.2.2 Criterios y soluciones de ordenación

En el proceso de conservación, rearboreización y regeneración de las masas y formaciones arbóreas, se prohíbe el empleo de especies extrañas al respectivo sector que perjudiquen su singularidad paisajística, ambiental y ecológica.


#### 3.4.4 Regulación de la protección del cauce y canales del río Sarela.

Dentro de la zona de protección definida en planos de ordenación, se prohíbe todo tipo de cierres de fábrica, modificación del régimen de aguas, vertido y rellenos al cauce y canales del río Sarela.

Las especies forestales de ribera características del paisaje serán protegidas y conservadas.

No se permitirán otras edificaciones que las previstas en los planos de ordenación.

En los aspectos no regulados en este apartado ser estará a lo dispuesto en el art. 146 de la Normativa Urbanística del Plan General.



#### COMENTARIOS

A Normativa da Revisión do Plan Xeral establece, no seu artigo 91, as condicións que ha cumprir o futuro PE-8R PLAN ESPECIAL DO PARQUE DEPORTIVO UNIVERSITARIO DE POZA DE BAR.


As zonas verdes incluídas na zona do Campus Universitario non están consideradas no estatístico do Concello.

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES


Verdes de sistema xeral: PU-2 28.124 m<sup>2</sup> Zonas verdes Residencia. Existente.  
PU-7 38.480 m<sup>2</sup> Parque Monte da Condesa. Existente.  
PU-13 104.850 m<sup>2</sup> Xardín Botánico. Previsto.

Espacios públicos: EU-2/EU-4 118.150 Z.verdes e libres universit. Existente.



Verdes de sistema local: V-2 9.716 m<sup>2</sup> Existente  
V-3 5.692 m<sup>2</sup> Existente





CAMPUS UNIVERSITARIO PU2, PU7, PU13, EU2/EU4



**PU 2. ZONAS VERDES RESIDENCIA**



**PU 7. MONTE DA CONDESA**



- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS


**PU 2. ZONAS VERDES RESIDENCIA**

- ESPAZOS RECEPTORES**
- V1. Carballeira S.Lourenzo
  - V2. Zona Verde S.Lourenzo
  - V3. Zona Verde F.Farmacia
  - PU 7. Parque Monte da Condesa
  - EU 2/ EU 4. Zonas Verdes e Libres Universitarias
- ESPAZOS EMISORES**
- PU 1. Santa Susana

**PU 7. MONTE DA CONDESA**

- ESPAZOS RECEPTORES**
- PU 13. Xardín Botánico
  - EU 2/ EU 4. Zonas Verdes e Libres Universitarias
- ESPAZOS EMISORES**
- PU 2. Zonas Verdes Residencia
  - PU 1. Santa Susana

PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS. PARQUES URBANOS. 1.1.2. CAMPUS (PU 2, PU 7)





CONSORCIO DE SANTIAGO



UNIVERSITAT POLITÈCNICA DE CATALUNYA  
BARCELONATECH

**PU 13. XARDÍN BOTÁNICO**



- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS

**PU 13. XARDÍN BOTÁNICO**

**ESPAZOS EMISORES**




- PF 1. Parque Forestal do Pedroso
- PU 7. Parque do Monte da Condasa

**EU 2/EU 4. Z.V. e LIBRES UNIVERSITARIAS**

**ESPAZOS EMISORES**

- PU 1. Santa Susana
- PU 2. Zonas Verdes Residencia
- PU 7. Parque do Monte da Condasa
- V3. Zona Verde F.Farmacia

**EU 2/EU 4 Z.VERDES E LIBRES UNIVERSITARIAS**



### 1.1.3 PARQUE DE SANTO DOMINGO DE BONAVAL. PU 3

#### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Cara o primeiro terzo do século XIII establécese en Compostela a orde dos Dominicanos nas aforas da Cidade de Santiago, ó pé da Porta do Camiño.

Coas doazóns que percibiron nos séculos XIV e XV amplían a Igrexa e mailo seu Convento, así como as súas posesións en terras, chegando a construír xa nos séculos XVI e XVII casas no barrio de Bonaval, que arrendaban ós veciños.

Aféctalles, no 1835, a desamortización de Mendizábal, co cal as súas propiedades pasan a mans do Concello, que procederá a dispoñer alí o Colexio de Sordomudos e o Hospicio.

Con posterioridade á desamortización, o Concello destina parte da horta conventual a uso de Cemiterio Xeral, iniciándose a súa construción no 1846, e ampliando posteriormente o ámbito, ata que no 1893 se acorda construír un novo cemiterio en Boisaca, permitindo así a opción de que co tempo se adique o primitivo cemiterio a parque público.

Os terreos da horta do convento serían cedidos no 1840 á Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago, para Xardín Botánico, e Escola Práctica de Agricultura. Dende 1857 se empregarían como horta de ensaios por parte da Cátedra da Sociedade. Sería un breve período que abarcaría ata o 1891.<sup>2</sup>

O parque, tal e como chegou ós nosos días, divídese en tres ámbitos pechados por un gran muro de mampostería.

- O primeiro, nas cotas máis altas do terreo, o constitúe a antiga Carballeira de Santo Domingo.
- O segundo está formado por restos da antiga horta conventual, onde persisten as trazas de parte dos xardíns.
- O terceiro o forma o antigo mosteiro, que á súa vez se divide no espazo construído onde se localizaban os nichos e o espazo adicado ós enterramentos en terra.

No 1990 se inicia o seu acondicionamento como parque público, en paralelo á construción do Centro Galego de Arte Contemporáneo.

Inicialmente, o proxecto contemplaba a construción dun novo edificio, para a Fundación Eugenio Granell, na parte superior da carballeira, adosado ó muro lindeiro norte.

<sup>2</sup> Labregos con ciencia. Lourenzo Fernández Prieto, páx 69


## 2. MARCO NORMATIVO

PE-1 PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 24.03.1997

Dispón de ficha individualizada no Catálogo de *jardines y elementos naturales del espacio público*, do PE.(Parque de Santo Domingo).

Élle de aplicación o artigo 173. *Ordenanza de espacios libres y zonas verdes públicas*

Conforma a Unidade de Intervención UI-2. (regulada no art. 157 da normativa do Plan Especial)



Calificación segundo o PE-1

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral: PU-3


Sup actual: 30.537 m<sup>2</sup> Existente.

#### COMENTARIOS



Clasificado como **xardín histórico**<sup>3</sup> polos servizos municipais, cunha superficie de 37.047 m<sup>2</sup>.

O Plan Xeral plantexa a súa continuidade co Parque da Almáciga.

<sup>3</sup> Extraído do anuario estadístico do concello para 2008. Santiago de Compostela. Cap. 05. Servizos sociais, seguridade, saúde e medio ambiente.



PARQUE DE BONAVAL PU3




- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS

**PU 3. BONAVAL**

- ESPAZOS RECEPTORES**
- PU 5. Parque de Belvís
  - PU 8. Parque do Sar. Portapedriña
  - PU 11. Parque da Colexiata do Sar

- ESPAZOS EMISORES**
- ZV 5. Parque da Alméciga

**PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
PARQUES URBANOS. 1.1.3. BONAVAL (PU 3)**






#### 1.1.4 PARQUE DE FONTIÑAS . PU 4

##### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Monte nunha antiga zona rural. As fotos aéreas do 1968 nos permiten apreciar unha zona posta en uso polas prácticas agrícolas.

O acondicionamento do monte Ouríns como parque está vencellado á execución do Plan Parcial de Fontiñas, promovida polo IGVS nos anos 90.

A ordenación deste sector para a súa conversión en solo urbano comeza antes das transferencias ás autonomías, con propostas do Ministerio, moi diferentes en función dos criterios vixentes en cada momento.



Proposta para o polígono de Fontiñas dos anos 60. Ministerio de Vivienda



Proposta para o polígono de Fontiñas dos anos 80. Ministerio de Vivienda

## 2. MARCO NORMATIVO

### MODIFICACIÓN Y ADAPTACIÓN DEL PLAN PARCIAL DE FONTIÑAS 25.06.1999

#### 1.5 Normas particulares de edificación

##### Art. 39. Ordenanza de zonas verdes y espacios libres públicos

1. Delimitación definida en Plano de Ordenación.
2. En estas zonas no se permitirá ningún tipo de edificación permanente salvo la necesaria para su mantenimiento (invernaderos, almacén de útiles de jardinería) justificando previamente la necesidad de instalación en la propia zona verde o libre de uso público.

*Podrá autorizarse la instalación permanente de elementos de ornato (templetes, quioscos de música) o complementarios del uso de las zonas verdes (escenarios de teatro al aire libre, pistas de baile descubiertas...)*

*Podrá autorizarse asimismo la ubicación de casetas y quioscos desmontables para fines propios del uso público de estas zonas, así como el amueblamiento necesario (banco, papeleras, fuentes de agua potable, juegos de niños, etc.). El volumen máximo autorizado para estos elementos es de 0,05 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.*

*En todo caso la superficie ocupada por todos los elementos permanentes no podrá superar el 10% de la superficie total de la respectiva zona. Su altura no superará la de una planta, equivalente a 4m.*

*La ocupación máxima considerando los elementos permanentes y desmontables no podrá superar el 15% de la superficie total de la zona.*

3. Los cerramientos cuando sean necesarios no superarán la altura de 0,50 m con materiales opacos pudiendo rebasar dicho límite con elementos diáfanos o elementos vegetales.
4. Las zonas verdes y espacios libres de uso público deberán estar convenientemente urbanizados, con sus correspondientes sendas peatonales, caminos, escaleras y acondicionamiento vegetal, así como dotadas del alumbrado público, red de pluviales y abastecimiento de agua necesarios para su mantenimiento y conservación. Igualmente dispondrán de elementos que eliminen las barreras arquitectónicas.

*Se destinarán a áreas de juego de niños las superficies relacionadas en el cuadro de características.*

5. En los espacios libres indicados en los planos de ordenación se contempla la posibilidad de implantación de aparcamientos subterráneos públicos, en las condiciones previstas en la Normativa del Plan General, sin perjudicar el uso público en superficie ni el carácter de dominio público del suelo. En la zona libre ZL-91 se tolera la disposición de accesos al aprovechamiento bajo rasante de la edificación residencial, debiendo contemplarse en el correspondiente proyecto de urbanización.





PP Fontiñas. Plano de ordenación

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral:	PU-4 Parque de Fontiñas (91.692 m <sup>2</sup> )	Existente
	A engadir 10.095 m <sup>2</sup> (101.787 m <sup>2</sup> totais)	Disponible
Verdes de sistema local:	V-20 (28.846 m <sup>2</sup> )	Existente
	V-14 ZL-91, (56.289 m <sup>2</sup> )	Existente
E.Libres de sistema local:	ZL-86 (12.484 m <sup>2</sup> )	Existente

### COMENTARIOS

Clasificado como **parque de barrio** polo servizos municipais, con 182.021 m<sup>2</sup> de superficie, segundo datos municipais.



- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS


**PU 4. PARQUE DE FONTIÑAS**


ESPAZOS RECEPTORES

V14-ZL 91. zonas verdes e libres Fontiñas


PU 19. Parque das Brañas de Sar

PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS.  
PARQUES URBANOS. 1.1.4. FONTIÑAS (PU 4)





PARQUE DE FONTIÑAS (CARLOMAGNO) PU4



## 1.1.6 PARQUE DE VITE. PU 6

### 1. ENCADRE HISTÓRICO


O actual parque de Vite está vencellado ó Plan Parcial de Vite, aprobado no ano 1968, que establecía nese lugar unha zona verde; e, posteriormente, á construción do Auditorio de Galicia no ano 1986.

Zona exterior á cidade. Pasa a considerarse un sector de extensión da mesma no Plan Xeral do 1965.

As primeiras actuacións que afectan a neste ámbito comezan antes coa apertura da avenida Xoan XXIII, que xorde pola necesidade de dar conectividade polo norte ó Casco Histórico. Proxecto de Pons Sorolla, arquitecto da comisión de Patrimonio. No ano 1959.


Trala apertura de Xoan XXIII, o ámbito adquiriría a súa fisonomía actual fundamentalmente a través de dous plans:

1. O Plan Parcial de Vite
2. O Estudio de Detalle do Burgo das Nacións



Apertura do vial e nova zona a urbanizar

A nova accesibilidade xera grandes expectativas nunha zona que ata entón se mantivera á marxe do crecemento da cidade.




Extensión do Polígono de Vite. Relación co Casco Histórico

Esta zona regularíase a través do Plan Parcial de Vite, e dada a súa extensión, descompoñeríase en varias fases. Fase I (Almáciga), Fase II e Fase III.

No 1968 se aproba devandito plan, redactado polo arquitecto Julio Cano Lasso.

O Polígono de Vite desenvolveríase cuns criterios de integración e respecto polo conxunto monumental lindeiro:



Maqueta do Polígono. Apréciase xa o albergue de peregrinos do Burgo das Nacións

(...) En la topografía de Santiago tiene mucha importancia el valle del Sarela, con las huertas que penetran hasta el pie de la ciudad monumental y las vaguadas y colinas que rodean la ciudad en el cuadrante Noroeste. Era una zona que se había mantenido virgen, puesto que la ciudad crecía hacia el sur.

(...) Sin embargo, la apertura del nuevo acceso desde La Coruña, por la Avenida de Juan XXIII, puso en valor el cuadrante Noroeste y despertó el interés de los promotores, favorecido por la alta edificabilidad concedida por el Plan General de Ordenación.

Ante esta se decidió expropiar por la Gerencia Nacional de urbanismo, dependiente del Ministerio de Vivienda, una gran extensión de terreno que ocupara las zonas más delicadas por su topografía y proximidad a la ciudad, para con un planeamiento paisajista de baja densidad, evitar lo que hubiera sido un desastre.

Esta fue la intención del Polígono de Vite, del que en buena parte soy responsable.

Era una actuación generosa, sin ánimo de lucro, financiada por el Estado, y la intención de defender lo más valioso del paisaje hizo que se excluyeran de la expropiación la Huerta de San Francisco, la finca de Vista Alegre y el Sanatorio y Parque del Doctor Lois, todas ellas en puntos clave y en las que había un arbolado centenario, con el compromiso, a cambio, de no edificar en ellas.(...)<sup>5</sup>

<sup>5</sup> Julio Cano Lasso. Estudio Cano Lasso. Editorial Munilla-Lería. pax.48-53

O proceso de urbanización do Plan iníciase no ano 1972. A complexa topografía, que provocaría variacións na execución, xunto coa demanda do aumento do número de vivendas contemplada inicialmente, levarían á remodelación do proxecto inicial.

Neste ámbito se situaba a fábrica de curtidos de Guadalupe, a máis importante da cidade, e que dende o 1806 ata o 1971 se mantería en activo. Unha das alternativas do Plan Parcial Remodelado plantexaba a conservación da fábrica. Desafortunadamente, descartouse esta opción para aumentar o número de vivendas.

Con posterioridade, a aprobación do novo Plan Xeral no ano 1974, e as modificacións que iste xera no ámbito; a construción da facultade de filloxía en terreos destinados inicialmente en zona verde, motivarían un novo proxecto de remodelación da terceira fase de Vite.<sup>6</sup>

*-Estudio de Detalle "El Burgo". Polígono de Vite 1986*


No ano 1964, con ocasión do ano santo e con carácter de urxencia, se instala na zona a residencia de peregrinos Burgo das Nacións. Composta por un conxunto de pabillóns dormitorio, e un edificio central no que se dispoñían os servizos (cociña, estar...).

Esta instalación serviría de base para o posterior proxecto de extensión universitaria, que se desenvolvería baixo a figura dun Estudio de Detalle.

O proxecto plantexaba a ampliación necesaria na parte norte como unha gran estrutura claustral. Se dividía en dúas parcelas. A primeira, con usos Palacio de la Cultura, Congresos e Exposicións, e a segunda como Equipamento Universitario (fundamentalmente residencial).

A primeira parcela correspondíase co lugar ocupado polo anterior edificio central do albergue. Se desenvolvería mediante un concurso de proxectos, que gaña o arquitecto Julio Cano Lasso, (que xa fora o responsable do deseño do albergue). Neste momento é cando se acondiciona o parque e se represa o regato existente para formar o estanque.

A segunda parcela sufriría modificacións respecto ó proxecto, debido ó cambio nos usos demandados (as facultades de xornalismo, e filloxía), inda que mantendo a ordenación inicial.



*E.D. do Burgo das nacións*



## 2. MARCO NORMATIVO

REFORMA DO E.D. EL BURGO POLÍGONO DE VITE

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral:	PU-6 Parque de Vite (64.155 m <sup>2</sup> )	Existente
Verdes de sistema local:	V-21 Zona Verde PERI 10 (12.242 m <sup>2</sup> )	Cesión
	ZL-37 Rua Domingo de Andrade (4.021m <sup>2</sup> )	Existente
	V-13 Residencia Estudiantes (4.609m <sup>2</sup> )	Existente
	ZL-95 Residencia Estudiantes (10.812m <sup>2</sup> )	Existente
E.Libres de sistema xeral:	ZL-4 Pza do Auditorio (5.236 m <sup>2</sup> )	Existente

## COMENTARIOS

Distribución dos parques municipais do ámbito en relación ós distintos espazos libres do plan xeral :

*-Parque da Música en Compostela (P.B<sup>7</sup>.sup: 23.035m<sup>2</sup> segundo empresa encargada do mantemento, e 26.530m<sup>2</sup> segundo o anuario estatístico do concello). Se correspondería con parte do PU.6*

*-Parque de Xixón. (P.B. sup: 14.449m<sup>2</sup>) Correspóndese con parte da PU.6 e parte da V.21*

*-Parque de Fermín Bouza Brey. (P.B. 26.332m<sup>2</sup>). Se correspondería con parte da V.6*

*-Parque Pablo Iglesias. (P.B. 19.079m<sup>2</sup>) Se correspondería con parte da V.6*

*-Parque Ponte Mantible. (P.B. 10.158m<sup>2</sup>) Se correspondería con parte da V.6*

*-Parque Alexandre Bóveda (P.B. 22.537m<sup>2</sup>) Se correspondería con parte da V.6*

*-Parque San Caetano. (X.U. 13.928m<sup>2</sup>) Se correspondería coa V.4*

*-Parque de Jesús Carro-Carlos Maside-Domingo Andrade. (P.B. 12.920m<sup>2</sup>) Incorporado no 2008, corresponderíase con parte da V.6 de da ZL-37.*



<sup>6</sup> Da memoria do *Proyecto de remodelación del plan parcial de Vite*. Manuel Gallego Jorreto. Ano 1989?

<sup>7</sup> P.B: parque de barrio; X.U. xardín urbano; clasificacións extraídas do anuario estadístico do concello.



PARQUE DE VITE PU6






- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS

**PU 6. PARQUE DE VITE**

- ESPazos EMISORES**
- V 13. zv Residencia de estudiantes
  - ZL 85. zI Residencia de estudiantes
  - V 21. z.verde PERI 10

**PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
PARQUES URBANOS. 1.1.6. VITE (PU 6)**





## 1.1.5 PARQUE DE BELVÍS. PU 5

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Espazo inicialmente relegado ás actividades molestas da cidade, que aproveitarían a canle do seu regato (o Cancelón) como vertedoiro de residuos de matadoiro e curtidurías. Destas últimas hai constancia da súa existencia dende o século XVI.

A finais do século XVII o concello escolle este lugar para ubicar nel o Matadoiro. A pequena fonte que está preto da Porta do Camiño, ó outro lado da virxe da Cerca, era a denominada “das Tripeiras”.

Co matadoiro inda en funcionamento, case un século despois, se instalarían na zona dúas fábricas de curtidos: lindeira coa rúa das Trompas, entre esta e os terreos do Colexio da Compañía, e outra nos terreos situados na confluencia das rúas Olvido e Sar.

Esta condición de espazo traseiro cambiaría ó contemplarse como zona verde de sistema xeral, no plan dos 90, o que abriría o camiño para o seu acondicionamento.

No ano 2008 o Concello dispuxo nun sector deste parque, a primeira iniciativa de hortas urbanas de Compostela.

### 2. MARCO NORMATIVO

PE-1 PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 24.03.1997

- *Unidades de intervención U-9A e 9B*, O obxectivo da unidade 9A é o de formalización do arranque do Parque Urbano de Belvís a través da Porta do Matadeiro. O da 9B é o de formalización do arranque do Parque Urbano de Belvís a través do zócalo das traseiras da rúa de S Pedro, proxectando unha nova edificabilidade, complementaria e diversificada.

- *Unidade de intervención U-12 Trompas-Parque Urbano de Belvís*, para establecer unha reserva de aparcamento de 120 prazas vencelladas á Praza de Abastos, á vez que se deseña unha nova edificación para formalizar o zócalo de poñente do parque urbano de Belvís.


- *Unidade de intervención U-13, apertura Rúa de Belvís-PU.5*, como formalización dun novo acceso ó Parque urbano dende o alto de Belvís, complementario a Trompas.



U-9 Matadeiro



U-9B Matadeiro-Belvís



U-12 Trompas-Parque urbano de Belvís

P.P. SUNP 9 BELVÍS 03.07.1998

P.E. PARA A ORDENACIÓN DO PARQUE PÚBLICO DE BELVÍS 29/01/2004-9

O ámbito do Plan Especial para a ordenación do parque abrangue unha extensión superficial de 60.000 m<sup>2</sup> coa consideración de sistema xeral de espazos libres PU-5. En continuidade con el sitúanse 25.600 m<sup>2</sup> que corresponden ás áreas dotacionais e de zonas libres do Plan Parcial SUNP, conformando en conxunto unha única peza morfolóxica asociada historicamente á valgada interior leste de San Roque-Bonaval- Belvís, que o Plan Especial da Cidade Histórica prevé que sexa proxectado unitariamente para garantir o carácter de conxunto. (Art 167 da normativa urb.)<sup>4</sup>

### 2.3 NORMAS PARTICULARES

*Art.10 Normas para o Sistema Xeral PU-5 Parque de Belvís*

1. *Uso xenérico de espazo libre de uso público, compatible cos usos deportivos ó aire libre, e usos de ocio, lecer, a cultura e outros de entre os previstos no art.9 destas normas en edificios previstos no plano ou nas instalacións accesorias (quioscos, instalacións lixeiras, desmontables, etc) nas condicións establecidas polas presentes Normas.*

<sup>4</sup> Apdo 1.2.2. caracterización xeral do ámbito. PE parque público Belvís. Oficina de Planeamento.

**(art.9)** usos autorizados ou tolerados no ámbito do Plan Especial do Parque Público de Belvís: docente, sanitario, asistencial, socio-cultural, deportivo, recreativo, administración pública, comercial, garaxe aparcamento.)

(...)

4. Para os efectos da ordenación pormenorizada do sistema xeral, o PE establece os seguintes ámbitos de cualificación pormenorizada:

- Area de recepción Norte (ARN).

Permítense como usos autorizados o docente, socio-cultural e recreativo, tolerándose o comercial complementario de ditos usos, que se situarán na edificación disposta en relación ó eixe de composición da valgada e ocupando o espazo central da área, cunha planta máxima de 200 m<sup>2</sup> e altura máxima de dúas plantas.

No proceso de urbanización formarase unha plataforma pavimentada integrando os itinerarios peonís entre a Tafona e Fontaiñas.

- Área deportiva (DEP-1)

Establécense como autorizados os usos deportivos ó aire libre, coa tolerancia de garaxe-aparcamento baixo rasante cunha capacidade aproximada de 200 prazas, onde poderán aloxarse vestiarios e servizos das instalacións deportivas. As instalacións deportivas ocuparán un máximo de 4.000 m<sup>2</sup>.

- Área deportiva (DEP.2)

Establécense os usos complementarios deportivos ó aire libre, debendo manterse e completarse a edificación do antigo secadeiro de peles, catalogado polo Plan Especial, coa ocupación establecida en planta e unha altura máxima de dúas plantas igual que a existente, con usos autorizados socioculturais, recreativos, comerciais e instalacións de vestiarios e servizos das instalacións deportivas. As instalacións deportivas ocuparán un máximo de 1.000m<sup>2</sup>.

- Terrazas da Rúa das Trompas (TCT)

Establécense como usos autorizados o sociocultural e o recreativo e como tolerado o comercial complementario, tolerándose edificacións lixeiras desmontables, cunha planta máxima total de 100m<sup>2</sup> complementados con edificación baixo rasante das terrazas de igual planta máxima total e complementaria das primeiras. Estas edificacións e construcións responderán a un proxecto unitario.

- Area Dotacional do Olvido (ADO)

Establécense a tolerancia dos usos docente, socio-cultural, sanitario, asistencial, recreativo, administración pública e comercial, nunha edificación con planta máxima do ámbito de cualificación establecido en planos de ordenación e altura máxima tal que a súa cuberta rasante e coa Praza do Olvido, prolongándoa cara ó interior do Parque. Por riba desta terraza tan só se permite sobresaír con elementos de acceso ó corpo edificado e ó parque.

- Área de Mantemento do Parque (AMP)

Neste ámbito permítese a edificación prevista en planos de ordenación, que comprende a reestruturación e ampliación da edificación existente, cunha altura máxima de dúas plantas autorizándose os usos propios do mantemento do parque e tolerándose os usos complementarios docentes, socio-culturais, recreativos e administración pública.

Art.11 Normas de coordinación coa zona verde de sistema local do SUNP-9

1. O acondicionamento e urbanización do sistema local de espazos libres previsto no Plan Parcial do SUNP-9 Belvís coordinarase coas determinacións dadas para o sistema xeral PU-5, polo presente Plan Especial, de acordo co establecido no art.167 do Plan Especial (PE-1)


(...)

3. O tratamento da zona verde procurará o mantemento do ambiente natural, incorporando os muros pétreos, os elementos arbóreos e acondicionando o terreo para o seu mellor uso.

4. Dentro da zona verde preverase a instalación de redes de alumado, abastecemento de auga e drenaxe, así como aquelas outras que estean ó servizo das instalacións dotacionais. Todas elas desenvolveranse soterradas.

As especies arbóreas que forman o solo de ribeira, os setos e matogueiras, característicos da paisaxe de ribeira serán protexidos, rexenerados e conservados. Non se producirán modificacións do réxime de augas, nin se permitirán vertidos –salvo pluviais- nin recheos no leito e canles.

No proceso de acondicionamento primará o verde extensivo mantendo a drenaxe natural do terreo.

Non se permitirán movementos de terra que limiten ou alteren significativamente a capacidade de drenaxe do terreo e a súa caracterización orográfica de orixe.

Dentro do parque permitirase a instalación de rede de iluminación pública, abastecemento de auga e desaugadoiros de drenaxe.

O proxecto de acondicionamento incluírá detalle de disposición das diferentes áreas, instalacións das mesmas, arboredo e vexetación, elementos ornamentais, mobiliario, e todo iso de acordo co previsto no art. 197 do vixente Plan Xeral.

No proxecto de acondicionamento estarase ó disposto nas Normas de Urbanización desta Normativa.





PE 5 BIS. Plano de ordenación

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral:	PU-14.2		
	PU-14.3	31.276 m <sup>2</sup>	Expropiación

<sup>9</sup> Memoria de ordenación do PE 5 bis, páx 50.




- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS

**PU 14.1 e 14.2. PARQUE DO SARELA**

ESPAZOS EMISORES  
ZV SUNP 7

PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAÇOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
PARQUES URBANOS. 1.2.3. PARQUE DO SARELA (PU 14.2 - PU 14.3)



## 1.2.4 ENTORNO DO REGO DO PORTO DO MEDIO. PU 15, PU 16, PU17

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Estes espazos incluídos no sistema xeral de espazos verdes constitúen 3 elevacións no entorno de Amio. O monte de Penamaría, xunto co outeiro de Cancelas e o Castro de Picou, conforman os límites da valgada do Rego do Porto do Medio, afluente do Sar na súa marxe dereita.

### 2. MARCO NORMATIVO

#### PU 15. PARQUE DO MONTE DE PENAMARÍA

*Desenvolverase a través do SUD-1 MALLOU*

*Art.59 da Normativa da Revisión do PXOM.*

*(...)Estructúrase nun potente eixe de actividades urbanas e un nó central, a partir dos cales se desenvolve un tecido residencial en continuidade co desenvolvemento urbano de Mallou e Meixonfrío e cunha relación directa con Cancelas e Fontiñas.*

*Como medidas de prevención e para a integración ambiental e paisaxística, establécese a preservación do regato do Porto do Medio. As dotacións de zonas verdes e equipamentos extensivos localizaranse no Regato do Porto do Medio, de modo que se logre un Parque Fluvial continuo entre este ámbito, o SUD-2 Cancelas-A Muíña, e o SUD-5 Amio Sur. Igualmente garantirase a prolongación da zona verde ata o parque do SUD-4 A Pulleira. A tal efecto o sistema xeral nel delimitado (PU-15) será complementado coa localización preferente da parte das dotacións de verdes de sistema local. Esta peza urbanizable ordenará e urbanizará os bordos de contacto coa Avenida de Asturias dotándoos cun carácter urbano. Establecerase un Parque Urbano no Outeiro das Cancelas.*

#### PU 16. PARQUE DO OUTEIRO DE CANCELAS

*Desenvolverase a través do SUD-2 CANCELAS- A MUIÑA*

*Art.60 da Normativa da Revisión do PXOM.*


*(...)Como medida de prevención e para a integración ambiental e paisaxística e de respecto o río de Porto do Medio, localízanse parte das dotacións de zonas verdes e equipamentos extensivos de sistema local no seu contorno de modo que se logre un parque fluvial continuo prolongado en dirección norte-sudeste. A tal efecto as dotacións de zonas verdes de sistema local serán como mínimo do 20% do ámbito.*

#### PU 17. PARQUE DO CASTRO DE PICOU


*Desenvolverase a través do SUD-3 AMIO NORTE*

*Art.61 da Normativa da Revisión do PXOM.*

*(...)Como medidas de prevención e para a integración ambiental, paisaxística e patrimonial, establécese a preservación do Castro de Picou situado no ámbito, de acordo coas normas de Protección Arqueolóxica do presente Plan Xeral. A tal efecto, o sistema xeral nel delimitado, Parque do Castro de Picou (PU-17), será complementado coa localización preferente de parte da dotación de zonas verdes de sistema local, que terán unhas contías mínimas do 20% da superficie ordenada, e alomenos comprenderá a totalidade do ámbito da zona de respecto especial indicada en planos de ordenación.*



Revisión do PXOM. Ubicación dos PU-15, PU-16 e PU-17




Plan do 90. Solo calificado non urbanizable de protección de áreas de potencialidade agrícola

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES


Verdes de sistema xeral:	PU-15	58.678m <sup>2</sup>	Cesión
	PU-16	116.043m <sup>2</sup>	Cesión
	PU-17	47.652m <sup>2</sup>	Cesión

### COMENTARIOS

As necesidades de ampliación da superficie residencial fixeron cambiar a calificación deste sector, que na súa parte norte tiña unha calificación de *suelo de conservación y protección de áreas de cultivo de potencialidade agrícola*. Igualmente, a calificación deste solo como rústico permitía unha protección máis clara do rego do Porto do Medio ca a establecida actualmente a través dos SUDs. O desenvolvemento para esta zona expansión urbana 'o ensanche de Amio', é residencial e terciario, con vivendas de protección, e relativa densidade (100, 80 e 60 viv/ha)..



PU 16 PARQUE DO OUTEIRO DE CANCELAS



- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS

**PU 18. OUTEIRO DE CANCELAS**


**ESPAZOS RECEPTORES**


- ZV PS SUNP 1
- V 20. zonas verdes Fontiñas
- V 14-ZL 91. z.verdes e libros Fontiñas
- ZL 86. Áreas de xogo Fontiñas
- PU 19. Parque das Brañas de Sar

**ESPAZOS EMISORES**

- PU 15. Parque do Monte de Penamaría


PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
 PARQUES URBANOS. 1.2.4. SISTEMA REGO DO PORTO DO MEDIO (PU 15, PU 16, PU 17)





PU 15 MONTE DE PENAMARÍA

PU 17 CASTRO DE PICOU




-  ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
-  ESP. VERDES RECEPTORES
-  ESP. VERDES EMISORES
-  CONCA DE DESAUGUE
-  CONCA DE VERQUIDO
-  PARTEAUGAS

PU 15. MONTE DE PENAMARÍA  
 PU 17. CASTRO DE PICOU

ESPAZOS RECEPTORES  
 PU 16. Parque do Outeiro de Canceles

PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
 PARQUES URBANOS. 1.2.4. SISTEMA REGO DO MEDIO (PU 15, PU 16, PU 17)



## 1.2.5 PARQUE LINEAL REGUEIRA DA FONTENLA. PU 18.

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Zona de Aríns, entre as faldas do monte de Vite e o Gozo, que fora obxecto de concentración parcelaria.

### 2. MARCO NORMATIVO

Desenvolverase a través dos SUD-16 AGRA DOS CAMPOS-ARÍNS e SUD-17MONTE DO GOZO-ARÍNS

Art.73 da Normativa da Revisión do PXOM.


(...)

A continuidade co Monte de Viso determina a zonificación das áreas dotacionais e de espazos libres, que se situarán de xeito que se garantan as súas visuais. Tamén se incorporará á ordenación a Regueira de Fontenla, na que se formaliza un novo Parque Fluvial (PU-18) de sistema xeral.


Art. 74 da Normativa da Revisión do PXOM.

O sector SUD-17 sitúase en contacto co bordo sur do Monte do Gozo. O seu obxectivo é formalizar o crecemento da cidade na Agra de Aríns dun xeito ordenado. (...)

Como medida de integración ambiental e paisaxística, establécese a formalización dun Parque Fluvial na Regueira de Fontenla, en correspondencia coa mesma determinación do SUD-16 Agra dos Campos- Aríns. A tal efecto, localizaranse preferentemente no contorno da Regueira parte das dotacións do sistema local de espazos libres. Estudarase o encaixe ambiental da proposta en relación ó Monte do Gozo.





Revisión do PXOM. Plano de estrutura coa localización do verde PU-18



Plan do 90. Maior continuidade no espazo de protección do río e zonas de protección de espazos con potencialidade agrícola que agora están calificados como desenvolvemento residencial de baixa densidade.

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES


Verdes de sistema xeral:	PU-18	21.708m <sup>2</sup>	Cesión
--------------------------	-------	----------------------	--------



-  ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
-  ESP. VERDES RECEPTORES
-  ESP. VERDES EMISORES
-  CONCA DE DESAUGUE
-  CONCA DE VERQUIDO
-  PARTEAUGAS

**PU 18. REGUEIRA DA FONTENLA**  
 ESPAZOS EMISORES  
 PR 3. Parque do Monte do Gazo

PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
 PARQUES URBANOS. 1.2.5. REGUEIRA DA FONTENLA (PU 18)



## 1.2.6. PARQUE DAS HORTAS. PU 20.

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Antiga zona de hortas extramuros á cidade. Parte dun conxunto maior e íntimamente ligado a ésta.

### 2. MARCO NORMATIVO

PE 1 PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 24.03.1997.


-Unidade de Intervención UI-8, As hortas de San Clemente y Galeras. Regulada polo Art. 163 da Normativa do Plan Especial, onde se establecen como obxectivos "el mantenimiento y consolidación de las huertas interiores como espacio singular de aproximación del verde a la fachada monumental de la ciudad, libre de edificación".

Complétase a malla de sendas peonís, e propónse un edificio laminar coa intención de facer unha fronte ás traseiras da rúa do Pombal.

-Na parte das hortas de Galeras, tamén considerada como UI-8 no Plan Especial, dispónse a Unidade de Intervención UI-6 Asilo de Carretas, cuxos obxectivos son completar o lineal denso na fronte de Galeras, abríndose ó interior, en diálogo coa disposición claustal do Asilo e establecendo un novo espazo público antesala e receptor dos percorridos peonís de As Hortas. Establécese unha nova reserva para aparcamento soterrado público de 300 prazas, baixo a zona verde de uso e dominio público.

A revisión do Plan Xeral de 2008, introduce nunha das disposicións transitorias, a modificación do Plan Especial, para a incorporación dun novo verde de sistema xeral, o PU-20.


*Disposición Transitoria Quinta da Revisión do PXOM. Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela.*



Revisión do PXOM. Novo espazo verde de sist. Xeral. PU.20



PE-1 plano de ordenacion



UI-8 U. Intervención Hortas-Galeras



UI-6 U. Intervención Asilo Carretas



### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral: PU-20.

10.708 m<sup>2</sup>.

Cesión





-  ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
-  ESP. VERDES RECEPTORES
-  ESP. VERDES EMISORES
-  CONCA DE DESAUGUE
-  CONCA DE VERQUIDO
-  PARTEAUGAS

**PU 20. PARQUE DAS HORTAS**


**ESPAZOS RECEPTORES**

ZV 4. Zona Verde Galeras (ZD-1)

V37. Zona Verde Galeras (ZD-1)

ZL 102. Zona libre paseo fluvial Carme de Abaixo

PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS.  
PARQUES URBANOS. 1.2.6. PARQUE DAS HORTAS (PU 20)



CONSORCIO DE SANTIAGO



UNIVERSITAT POLITÈCNICA  
DE CATALUNYA  
BARCELONATECH

## 1.2.7 PARQUE DO CAMIÑO FRANCÉS. PU 21.

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Novo espazo verde de sistema xeral que xorde debido á extensión do solo urbano máis aló da autoestrada.


*Máis alá desta segunda coroa da cidade continua, desenvólvense os corredores de crecemento urbano polarizadores do tecido de núcleos rurais do territorio dinámico: (...) o corredor de Lavacolla reforzado no contorno de San Marcos coa autovía e a chegada do Camiño de Santiago...*<sup>11</sup>

### 2. MARCO NORMATIVO

PE 3 PLAN DIRECTOR DE ORDENACIÓN e REHABILITACIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS DE SANTIAGO AI 02.05.2005 inda en tramitación.

PS SUNP 32.1 MONTE MEDORRA-BANDO AP 15.05.2006.inda en tramitación

SUND 27 MONTE MEDORRA II-BANDO inda por desenvolver.



Revisión do PXOM. Planos de estrutura. Ubicación do PU.21 Parque do Camiño Francés

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral: PU-21. 35.015 m<sup>2</sup> Cesión

## 1.2.8 PARQUE DO CASTRO DE CONXO. PU 22.

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Novo espazo verde de sistema xeral .

### 2. MARCO NORMATIVO


Desenvolverase a través do SUD-9/10 ESTRADA DE VIGO-CHOUCHIÑOS

Art.67 da Normativa da Revisión do PXOM.

*(...) Constitúe unha bolsa de solo mixto para usos terciarios e residenciais vinculados ó Hospital Provincial e con boa accesibilidade desde a citada estrada. (...) Constitúe un ámbito de remate, cunha clara función de crear unha nova fachada da cidade, pero sen inferir na visión do Outeiro do Castro.*

*A efectos de integración ambiental, paisaxística e patrimonial o Outeiro do Castro de Conxo presérvase na zona verde de sistema xeral PU-22. No seu contorno localizaranse preferentemente espazos libres de sistema local, ata o límite definido polo viario proposto no plano de ordenación, incluíndo a totalidade da zona de respecto especial. A tal efecto as dotacións de zonas verdes de sistema local serán como mínimo do 20% do ámbito ordenado.*

*No resto do ámbito SUD-9 establécese a obriga de realizar, con carácter previo á elaboración do Plan Parcial, as intervencións arqueolóxicas necesarias de cara a avaliar a pontencialidade arqueohistórica do subsolo e establecer pola Consellería de Cultura e Deporte as condicións de elaboración do plan parcial e de execución das obras que garantan a conservación "in situ" dos restos arqueolóxicos que poidan existir.*





Revisión do PXOM. Planos de estrutura. Ubicación do PU.22 Parque do Castro de Conxo

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral: PU-22. 15.646 m<sup>2</sup> Cesión

<sup>11</sup> Da memoria de ordenación da revisión do PXOM. Apdo 1.2.2 o proxecto da estrutura urbanística xeral da cidade. Px 34.




-  ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
-  ESP. VERDES RECEPTORES
-  ESP. VERDES EMISORES
-  CONCA DE DESAUGUE
-  CONCA DE VERQUIDO
-  PARTEAUGAS

**PU 22. CASTRO DE CONXO**

**ESPAZOS RECEPTORES**

- PU 12. Parque lineal Volta do Castro
- V SUNP 22

**PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
PARQUES URBANOS. 1.2.8. CASTRO DE CONXO (PU 22)**



### 1.2.9 MIRADOR DE MEIXONFRIO. ZV 2.


#### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Zona tamén coñecida como Pozo da Neve, onde se atoparon restos arqueolóxicos dun antigo castro.

#### 2. MARCO NORMATIVO

Castro de Meixón Frio. Pozo da Neve

Calificación como NC. P42



Revisión do PXOM. Planos de estrutura. Ubicación do ZV2.

#### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral: ZV-2. 5.522 m<sup>2</sup> Cesión

### 1.2.10 PARQUE TRAS A IGREXA. ZV 6.

#### 1. ENCADRE HISTÓRICO

É unha das zonas verdes de sistema xeral máis alonxadas do centro urbano. Sitúase na estrada de saída cara á coruña.


#### 2. MARCO NORMATIVO

Desenvolverase a través do SUND-37 AGUALADA

Art.80. Condicións particulares das actuacións.

(...) A delimitación do SUND-37 ten por obxecto o remate do solo urbano delimitado colaborando ó reequipamento da zona.



Como medidas de integración ambiental e paisaxística establécese a integración do Rego da Barcia nunha zona verde, e a preservación da paisaxe da Ermida de Nosa Señora do Pazo e do núcleo tradicional de Agualada coa delimitación dunha área pertencente ó sistema xeral de espazos libres ZV-6.



Revisión do PXOM. Planos de estrutura. Ubicación do ZV6.

#### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS LIBRES


Verdes de sistema xeral: ZV-6. 9.420 m<sup>2</sup> Cesión



-  ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
-  ESP. VERDES RECEPTORES
-  ESP. VERDES EMISORES
-  CONCA DE DESAUGUE
-  CONCA DE VERQUIDO
-  PARTEAUGAS

**ZV 2. MIRADOR DE MEIXONFRÍO**  
 ESPAZOS RECEPTORES  
 ZV SUNP 2  
 ZL 3. Pza do Complexo Admon. de Salgueirifios

PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
 PARQUES URBANOS. 1.2.9. MIRADOR DE MEIXONFRÍO (ZV 2)



## 1.2.11 PARQUE CEMITERIO. BOISACA. ZV.C1.

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

### 2. MARCO NORMATIVO


*Desenvolverase a través do SUD-18 CANEIROS-BOISACA*

PE DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA XERAL C1 DO CEMITERIO DE BOISACA 05.03.1999

*Art.75 da Normativa da Revisión do PXOM.*

*(...) Plantéxase como unha actuación que permite dar continuidade á trama urbana, pechando o Polígono do Tambre no seu contacto coa cidade.*

*A efectos da súa integración ambiental e paisaxística producirase a preservación das Fontes e Pozas do río Porto do Medio e a conducción de auga existente, que se integrarán no conxunto de zonas verdes e espazos de uso público, ou nos de carácter privado.*



*Revisión do PXOM. Planos de estrutura. Ubicación da ZV-6*

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS LIBRES

Verdes de sistema xeral: ZV.C1.                      22.825 m<sup>2</sup>                      Cesión

### COMENTARIOS

Xardín frontal clasificado como **xardín de contorno** no estatístico municipal do ano 2009, cunha superficie de 690m<sup>2</sup>.

## **PARQUES RECREATIVOS**

---

### **2.1 EXISTENTES**

**2.1.1 PARQUE DA FINCA DO SESTO**

**2.1.2 PARQUE DA SELVA NEGRA**

**2.1.3 PARQUE DO MONTE DO GOZO**

### **2.2 PREVISTOS**

**2.2.1 PARQUE RECREATIVO DE SAN LÁZARO**

**2.2.2 PARQUE DA CIDADE DA CULTURA**


## 2.1.1 PARQUE DA FINCA DO SESTO. PR 1.

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

No ano 1910, un empresario compostelano presentaba unha proposta para o suministro parcial de augas da cidade, aproveitando varios mananciais que nacían ó pé duns terreos da súa propiedade, entre eles o chamado “Gesto” ou Fontiña. Desestimado o proxecto por unha serie de irregularidades no seu plantexamento, finalmente o Concello acabaría adquirindo esta finca, e aproveitando os seus mananciais, contando en principio que servisen para o rego dos xardíns da Alameda.

### 2. MARCO NORMATIVO

As indicacións do PXOM



Revisión do PXOM. Ubicación do PR-1



### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS LIBRES

Verdes de sistema xeral: PR.1 110.200 m<sup>2</sup> Existente

### COMENTARIOS

Clasificada no apartado de **parques e áreas naturais**, segundo o anuario estatístico do Concello, cunha superficie que se reduce de 109.055m<sup>2</sup> no 2006 a 95.000 m<sup>2</sup> no 2007.





- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS

**PR 1. PARQUE DA FINCA DO XESTO**

**ESPAZOS RECEPTORES**


PF 1. Parque Forestal do Pedroso

PR 2. Parque da Selva Negra

**ESPAZOS EMISORES**

PF 1. Parque Forestal do Pedroso

**PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
PARQUES RECREATIVOS. 2.1.1. FINCA DO XESTO (PR 1)**




## 2.1.2 PARQUE DA SELVA NEGRA. PR 2.

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Antiga finca de recreo dun destacado analista compostelano. Organizada en distintos ámbitos, unha carballeira, zonas de prado, e zonas con pequenos muretes para organización da pendente. Dispón dunha fonte, que podería ser un manantial propio.

### 2. MARCO NORMATIVO

REVISIÓN DO PXOM





### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral: PR 2: 207.088m<sup>2</sup> Expropiación

### COMENTARIOS

Actualmente, estanse a levar a cabo actuacións de retirada de especies invasoras e reforestación con arboredo autóctono de caducifolias.

Clasificado no anuario estatístico do concello no apartado de **parques e áreas naturais**, cunha superficie de 219.161m<sup>2</sup>.




- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS

**PR 2. PARQUE DA SELVA NEGRA**

ESPAZOS EMISORES  
 PF 1. Parque Forestal do Pedroso  
 PR 1. Parque da Finca do Xasto

**PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
 PARQUES RECREATIVOS. 2.1.2. SELVA NEGRA (PR 2)**



### 2.1.3 PARQUE DO MONTE DO GOZO. PR 3.

#### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Acondiciónase como parque e lugar de acollida de peregrinos para o ano Santo de 1993.

#### 2. MARCO NORMATIVO

PLAN ESPECIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES PR-3 MONTE DO GOZO 30.03.1993

*Concibido como un gran espazo de acollida, como un gran Parque Recreativo Regional, en relación co Camiño de Santiago e vencellado ó desenvolvemento do Sistema Xeral da Área Deportiva de San Lázaro.*

*Como criterios de ordenación, na memoria do documento establécese o respecto ás súas propias características naturais baseadas en:*

- *Carácter simbólico.*
- *Valor paisaxístico*
- *Singularidade da súa propia configuración orográfica.*

*Destas características, despréndense, como criterios de ordenación:*

- *A colina do Monte do Gozo quedará libre de toda edificación, confirmándoo así como elemento focal do conxunto da ordenación.*
- *Recoñecer o valor de posición que ocupan as outras dúas colinas como miradores.*
- *A situación das grandes instalacións se realizará nas partes máis baixas do parque, asociadas ós puntos de accesibilidade, tanto rodada coma peonil.*

*Establécense como grandes pezas do Parque Recreativo:*

##### a. Parque urbano.

*Su acondicionamiento ha de ser blando, en formación de pradería, jugando con la disposición del arbolado como elemento ordenador y de relación entre las distintas piezas, sin que se alcance una profusión del mismo que pueda desvirtuar el carácter actual de paisaje abierto.*

*Se propone un mirador sobre la ciudad y el Parque como hito singular.*

##### b. Área de acampada

##### c. Centro de acogida

##### d. Auditorio

*Catalóganse os fitos do Monte do Gozo, o Alto de Campo da Ponte e o alto de Agro Longo. (as tres colinas que estruturan o ámbito).*

##### 1. Zona Verde Pública. ZV.

*Se establece como uso exclusivo el de espacio libre-parque público. Se permiten los usos complementarios previstos en el Art. 121.2 de la Normativa Urbanística del PG, a excepción de los*

*edificios culturales, ocio y recreo, que no resultan autorizables, por prever el Plan Especial la ubicación específica de tales edificios dotacionales.*


##### 2. Complejo de acogida

##### 3. Auditorio

##### 4. Área de acampada

##### 5. Zona de aparcamiento público (Z-4)

##### 6. Área religioso-cultural (Z-5)





Revisión do PXOM. Plano de estrutura.

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS LIBRES

Verdes de sistema xeral: PR.3 372.800 m<sup>2</sup> Existente

#### COMENTARIOS

Non figura no resumo estatístico do Concello.




- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS

**PR 3. MONTE DO GOZO**

ESPAZOS RECEPTORES

PU 18. Parque lineal da Regueira de Fontenla

PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
PARQUES RECREATIVOS. 2.1.3. MONTE DO GOZO (PR 3)



## 2.2.1 PARQUE RECREATIVO DE SAN LÁZARO. PR 4.

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Comprende a ladeira sur do antigo monte Ouríns.

### 2. MARCO NORMATIVO

*Sistema Xeral PR-4. Regularase mediante planeamento especial (art. 137 da normativa)*

Indicacións normativas (art 137 da Revisión do PXOM)


*Ordenarase en dous subámbitos:*

*Unha zona de parque en contacto co Outeiro de San Lázaro e o Parque de Fontiñas*

*Unha zona que admitirá un tratamento como parque de carácter ocio-recreativo, cultural e con usos complementarios deportivos e os seus servizos. O parque recreativo deberá resolver, en coordinación co tratamento das áreas deportivas contiguas, a dotación de aparcamento en proporción suficiente. Os accesos ordenarase desde a Circunvalación a través do viario interior da zona deportiva, e desde a Avda. do Camiño Francés. A organización do viario interior necesario para o servizo do Parque procurará a súa integración topográfica.*

*Admítense usos sociocultural, recreativo (incluso atraccións mecánicas e locais para espectáculo) e deportivo.*

*Ocupación máxima polas edificacións e instalacións do 20% da superficie total do parque.*



## 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral: PR 4: 108.000m<sup>2</sup> Cesión

### COMENTARIOS

O plan xeral considérase en cotinuidade co Parque de Carlomagno, e o espazo deportivo de San Lázaro para convertilo nun gran complexo recreativo e de ocio.


## 2.2.2. PARQUE DA CIDADE DA CULTURA. PR 5.

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Xorde vencellado á implantación da Cidade da Cultura no curuto do monte Gaiás.

### 2. MARCO NORMATIVO



REVISIÓN DO PXOM



Revisión do PXOM. Plano de estrutura. Ubicación do PR-5

## 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral: PR 5. 452.733m<sup>2</sup> Dispoñible



- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS


**PR 4. PARQUE EN SAN LÁZARO**



ESPAZOS RECEPTORES

ZL SUNP 6

ZL PE 3

**PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAÇOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
PARQUES RECREATIVOS. 2.2.1. SAN LÁZARO (PR 4)**






- ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
- ESP. VERDES RECEPTORES
- ESP. VERDES EMISORES
- CONCA DE DESAUGUE
- CONCA DE VERQUIDO
- PARTEAUGAS

**PR 5. PARQUE CIDADE DA CULTURA**  
 ESPAZOS RECEPTORES  
 PU 19. Parque das Brañas de Sar

PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
 PARQUES RECREATIVOS. 2.2.2. CIDADE DA CULTURA (PR 5)





## **PARQUES PERIURBANOS**

---

### **3.1 PREVISTOS**

**3.1.1 PARQUE FORESTAL DO PEDROSO**

**3.1.2 PARQUE FLUVIAL DE CHAIÁN**

### 3.1.1 PARQUE FORESTAL DO PEDROSO. PF 1.

#### 1. ENCADRE HISTÓRICO

#### 2. MARCO NORMATIVO

Regularase a través do PE-9R Plan Especial de Acondicionamento Territorial e Paisaxístico do Parque Forestal de Monte Pedroso.(art.92 da normativa)


Indicacións normativas:

*Clasificación de solo rústico. Mantemento e potenciación das súas características naturais e paisaxísticas.*

*Delimitarase en dous subámbitos:*

*Subámbito A, norte, con clasificación de solo rústico de protección forestal, con carácter de parque forestal.*

*Subámbito B, sur, con clasificación de solo rústico de protección ordinaria, con carácter mixto de parque forestal e áreas deportivas de uso extensivo.*



### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral:	PF-1	726.000m <sup>2</sup>	Existente
	A engadir	765.286	Dispoñible/Expropiación
Total previstos:		2.089.800m <sup>2</sup>	

### 3.1.2 PARQUE FLUVIAL DE CHAIÁN. PF 2.

#### 1. ENCADRE HISTÓRICO

#### 2. MARCO NORMATIVO

Regularase a través do PE-12R Plan Especial de Acondicionamento Recreativo da Praia de Chaián.(art.94 da normativa)

Indicacións normativas:


*Clasificación de solo rústico de especial protección das augas. Ordenación do ocio público e recreativo.*

*O programa a desenvolver incluírá a dotación de estacionamento e a organización de accesos, o emprazamento de instalacións para o baño, regulación de quioscos e merendeiros e a organización de zonas de repouso.*

*No plan do 89, se falaba de Planes Territoriales de Acondicionamiento y Protección Paisajística:*



- *Plan de Acondicionamiento Forestal del Monte Pedroso*
- *Plan Especial de Saneamiento y Acondicionamiento del río Sarela*
- *Plan Especial de Acondicionamiento Recreativo de la Playa de Chaián*

*Destes tres plans, o do río Sarela concretaríase en 2 plans Especiais, o PE-5 e PE-5bis.*



### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema xeral:	PF-2	170.000m <sup>2</sup>	Dispoñible
--------------------------	------	-----------------------	------------



-  ESPAZO VERDE EN ANÁLISE
-  ESP. VERDES RECEPTORES
-  ESP. VERDES EMISORES
-  CONCA DE DESAUGUE
-  CONCA DE VERQUIDO
-  PARTEAUGAS

**PF 1. PARQUE FORESTAL MTE.PEDROSO**

**ESPAZOS RECEPTORES**


PR 1. Parque da Finca do Xasto

PR 2. Parque da Selva Negra

PU 14.1. Parque de Monte Pío

PU 13. Xardín Botánico

**PXOM. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES e ZONAS VERDES PÚBLICAS  
PARQUES PERIURBANOS. 3.1.1. PEDROSO (PF 1)**



**OUTROS ESPAZOS VERDES NON INTEGRADOS NO SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES**

- 4.1 FINCA SIMEÓN (DEM 16)
- 4.2 FINCA DO SANATORIO DO DOUTOR LOIS (V21)
- 4.3 CARBALLEIRA DE SAN LOURENZO (V1)
- 4.4 XARDÍNS DE SAN ROQUE (V27)
- 4.5 XARDÍNS DE FONSECA (USC2)

## 4.1 FINCA SIMEÓN

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

El conjunto comprende el delimitado por la actual finca de Vista Alegre y el espacio resultado de una segregación de parte de la finca efectuada en la década de los 70.

En la finca se distinguen tres áreas diferenciadas: una gran masa arbórea al Norte, formada principalmente por carballos, un huerto-jardín con trazado a base de cuarterones delimitados por alineaciones de arbolado y el área inmediata a la vivienda con arbolado ornamental singular.

El espacio segregado conserva una alineación de chopos que tiene su continuidad a lo largo de la finca actual y presenta árboles ornamentales: palmeras y magnolios.

Paralelo al cierre de la finca discurre el Rego dos Sapos, con arbustos de acompañamiento.

### 2. MARCO NORMATIVO


PE 1 PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 24.03.1997

U-1 Unidade de Actuación Vista Alegre.


Dispón de ficha individualizada no *Catálogo de jardines y elementos naturales del espacio público* do PE (Finca de Vista Alegre).

E.D. ORDENACIÓN EU-4 FINCA SIMEÓN. 27.12.1999

Modifica a Unidade de Actuación U-1 Vista Alegre, do Plan Especial de Rehabilitación do Casco Histórico, plantexando un cambio na disposición dos novos volumes plantexados.



Proposta de ordenación do PE-1. U-1



E.D. modificacións respecto do PE-1

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Non existen no ámbito categorías de espazos verdes, pese a que a parcela se considera parque público. As clasificacións dos espazos son:

*EU-4 Parque Universitario finca de Simeón. Usos: docente-investigación-sociocultural, administrativo e complementarios.*

*DEM-15 Escola de Altos Estudos Musicais*

*SC-40 Reserva de equipamento Sociocultural. (finalmente a sede da SGAE)*

#### COMENTARIOS

Considerado como EU-4 Parque Universitario, que acolle usos universitarios pero tamén socioculturais nas distintas edificacións do interior do recinto..

Figura, nembargantes no listado de zonas verdes do Concello coa categoría de **xardín histórico** (Casa Europa), cunha superficie de 32.443m<sup>2</sup>.

## 4.2 FINCA DO SANATORIO DO DOUTOR LOIS

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Antigo Pazo do século XVIII dos Condes de Turnes.

No 1938 sufriría modificacións para acondionalo como sanatorio psiquiátrico.


Finca que se ve afectada por sucesivas expropiacións a partires do 1959 con motivo da apertura da Avenida de Xoan XXIII primeiro, e a construción de edificación residencial no entorno despois .

### 2. MARCO NORMATIVO

P.E. DE REFORMAINTERIOR 10. FINCA DO SANATORIO DO DOUTOR LOIS 28/02/2002

Nel establécese a zonificación do ámbito para uso hoteleiro e parque urbano.

*Usos non autorizados no parque urbano: non se permite a edificación no ámbito do parque, só de pequenos edificios de uso comercial que non suporán unha superficie construída maior do 2% da superficie total do mesmo.*



### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema local: V-21

12.242m<sup>2</sup>

Cesión

## COMENTARIOS

Figura no listado de zonas verdes do Concello como **xardín histórico** (Quinta Lois), cunha superficie que no 2006 era de 10.108m<sup>2</sup> e no 2007 ascendeu a 10.336m<sup>2</sup>.

#### 4.3 CARBALLEIRA DE SAN LOURENZO

##### 1. ENCADRE HISTÓRICO

A comezos do século XIII, o que fora Bispo de Zamora, don Martín Arias, retirouse a Compostela, fundando unha ermida baixo a advocación de San Lourenzo. Máis tarde, en 1392 ampliouse o edificio como convento, chegando a converterse temporalmente en Colexiata.


A carballeira pública é parte dos bosques e campos onde se ubicaba o oratorio inicial, e a súa configuración actual provén, probablemente, da actuación de renovación do convento e horta realizada no 1715 por orde do Arcebispo Monroy.

Esta carballeira está catalogada como Formación arbórea senlleira, dado o seu valor histórico. (Anexo II do Decreto 67/2007, de 22 de marzo).

##### 2. MARCO NORMATIVO

PE-1 PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 24.03.1997

Dispón de ficha individualizada no Catálogo de *jardines y elementos naturales del espacio público*, do PE.(Carballeira de San Lourenzo).



##### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema local: V-1. 6.770 m<sup>2</sup> Existente

##### COMENTARIOS

Figura no listado de zonas verdes do Concello como **xardín histórico**, cunha superficie de 8.287m<sup>2</sup>.(engloba a V1 e parte da V2).

#### 4.4 XARDÍNS DE SAN ROQUE

##### 1. ENCADRE HISTÓRICO


Antigo espazo de hortas do Convento de San Roque.

##### 2. MARCO NORMATIVO


PE-1 PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 24.03.1997

Art. 156. UI-1 Unidad de Intervención del Hospital de San Roque.

No que se establece a reserva para gardería infantil en parte da antiga horta, e a cesión do resto da superficie como zona verde de uso e dominio público V-27.



Plano ordenación PE-1



U-1 San Roque

##### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Verdes de sistema local: V-27. 2.529 m<sup>2</sup> Existente

##### COMENTARIOS

Figura no listado de zonas verdes do concello como **parque de barrio** (Valle Inclán), cunha superficie de 2.996 m<sup>2</sup>.

## 4.5 XARDÍNS DO PAZO DE FONSECA

### 1. ENCADRE HISTÓRICO

Os xardíns constitúen o que se conserva do antigo Xardín Botánico da Universidade, creado no 1844 no que anteriormente eran as hortas do Colexio de Fonseca coa finalidade de servir de complemento na investigación e docencia de Botánica.

No ano 1858 había máis de 1000 especies cultivadas, algunhas das cales eran xestionadas pola Sociedade Económica de Amigos do País e polo Concello.

A expansión de edificacións na contorna do antigo Xardín Botánico foi reducindo progresivamente a súa superficie, ata que este desapareceu como tal.

### 2. MARCO NORMATIVO

PE-1 PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 24.03.1997

### 3. SUPERFICIES e CATEGORÍAS DE ESPAZOS VERDES

Conxunto clasificado como USC.2

### COMENTARIOS

Os ginkgos que posúe no patio posterior están incluídos no catálogo de árbores senlleiras.